

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 4 CINTA 9

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0009_004_en_0_24_26_id657_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0009_004_en_0_24_26_id657.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das escolas do pósito, ás que acudían os fillos dos mariñeiros coma el. Tamén conta o que fixo cando deixou a escola.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, infancia, educación, escola, pósito, silabario, xoguete, xogo, mestre, confraría de pescadores, fábrica de conservas, salgadura, traballo da muller, arenque, servizo militar.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿E Usté cando estudou ¿a donde iba á escola? Cando estudou de rapaz, ¿había moitas escolas en Moaña?

R: Había tres, en cada barrio... unha era a de Don Ricardo¹.

P: Don Ricardo ¿Simil?, ¿Símil?

R: ¿Non coñeces a Don Ricardo? Non.

P: Non.

R: Facía escola xunto á igrexa, no Cruceiro, abaixo da igrexa ¿non?

P: Si, no Cruceiro si.

R: Si pois alí, eu fun alí. Era a escola dun carabineiro, que estaba aquí, que facía escola de noite. Papá tamén fixo escola de noite.

P: Tamén, foi arriba sí, ¿e as outras escolas?

R: A escola do Pósito organizouna Costa². O difunto de Costa quen a organizou... a Cofradía, que lle chamaban a Cofradía de pescadores, pois... Despois foi cando fixo a escola. A escola estivo aí detrás da de (Tito ¿?). Estuvo nese baixo de... onde está agora “Gharocas”³ o fotógrafo, bueno aí na de...

P: Está metido para atrás ¿non? Antes estaba metida para atrás a de “Gharocas” si.

R: Si para atrás... Tiña miña tía, toda ocupada. Tiña toda...pois tiña unha importante ...(?).. Antes de obrar eses ¿eh? Antes de obrar... sabes que aí había unha salazón, ó primeiro aí houbo unha salazón. Todas esas casas eran de Primitivo, Chapela⁴, que é teu pariente.

P: E esa era salazón toda ¿tipo fábrica?

R: Salazón, tipo salazón.

P: Mui grande.

R: ¡Aí non mui grande, tan grande como Massó e eses non, porque eses eran de tono maior, pero era un tipo de salazón bastante bo, tiña 18 mulleres.

P: ¿Exportaba todo?

R: Exportaba todo.

P: ¿Para que zona?, para Castilla, para Barcelona, para todo.

R: Todo a base de arengues ¿non?. Así [congelada ¿?] Traballou na época de Leixós.

P: E aparte, me estaba contando de que a escola do Pósito que a montara José Costa.

R: ¿José Costa foi un que organizou o Pósito?

R: O Marqués de Valterra⁵ se meteu na marina, o Marqués de Valterra organizou os pósitos, cofradías, como sociedade de pescadores en todo o territorio, en Galicia...

P: En toda a costa de España vamos.

R: En toda a costa. Había en toda a costa. Cando estivo aquí, quixo montar a escola, pero non o conseguiu o que conseguiu foi unha lancha⁶ o Pósito, dedicada ó Pósito de

¹ Ricardo Simil (ou Símil) Silva, foi alcalde de Moaña durante a ditadura de Primo de Rivera, entre outubro de 1925 e setembro de 1926.

² José Costa Alonso, man dereita de Saralegui para formar as Confrarías de Pescadores en Galicia (1921), fundou a correspondente Confraría en Moaña e a escola de Orientación Marítima.

³ José Gayo Rouco “Gharocas”, foi o fotógrafo de Moaña que montou a tenda no centro da Praia de Moaña, onde anteriormente estivo a escola de Orientación Marítima e antes unha salgadura de peixe.

⁴ Chapela era xenro de Primitivo. Na realidade a salgadura pertencía a Abelardo Currás. Nos anos ‘60 aínda se conservaban os foxos ou tanques de salgar o peixe.

⁵ Pascual Díaz de la Rivera, marqués de Valterra colaborou con Saralegui na formación dos pósitos de . Pescadores e despois da vitoria das dereitas nas eleccións de novembro de 1933, o Marqués de Valterra reemplaza a Saralegui que se presentara polo Partido Radical de Lerroux. A partir de entón foi proscrito e despois da Guerra Civil, Díaz de la Rivera acusou a Saralegui de comunista e tomou a directiva dos pósitos que en 1944 converteu en Confraría de Pescadores dentro do sindicato vertical.

⁶ A lancha e os socorros mutuos, foron xestións de José Costa Alonso con Saralegui.



Pescadores. Iban ó mar calquer pescador de fóra. Tiñan dereito a ir ó mar naquela embarcación todos os mariñeiros.

P: ¿Había que facerse socio do Pósito? Si.

R: Tiña o socorro mutuo.

P: ¿O socorro mutuo?

R: O socorro mutuo, vamos cando había unha enfermidade, ou cando había unha lesión, cando había calquera tontería, chamábase o socorro mutuo...(?) Porque da pesca que se capturaba, os barcos facían un parte, despois de pagar a conta personal do individuo, fanse o socorro mutuo e entón facíase do monte maior unha parte para a cofradía.

P: E levaban as cofradías esa parte. E montaron así a escola do pósito. A escola do pósito ¿está especializada en dedicarse á enseñanza sobre o mar?

R: A todo.

P: A todo.

R: A todo en general. Non era solo a pesca. Iso era o malo, que debíase dedicar solamente a iso, porque era para fillos de pescadores.

P: Por iso para fillos de pescadores.

R: Ademais a escola do pósito, debía ser unha escola de... entrando en navegación, estudiando navegación, náutica e todo eso. Porque é a práctica cando sales...

P: Sin embargo estudiábase o mesmo que todas ¿E a que anos empezou a ir á escola usted?

R: Eu ós 14.

P: Ós 14 anos, ¿e canto tempo durou?

R: Tres anos.

P: ¿Estuvo sempre arriba no cruceiro? ¿A que hora se levantaba para ir á clase?

R: Á mañán.

P: ¿Ia cedo?

R: Ás oito da mañán tiña que estar en pé.

P: E tiña mañán e tarde de...

R: Mañán e tarde de escola e despois de parte de noite,

P: ¿Parte de noite?

R: Porque había un carabinero que facía escola de noite.

P: Sí ¿No mesmo sitio?

R: No mesmo sitio, había un que lle chamaban ...(?) o “Enterrador”, aínda era algo da familia dos abuelos, e tamén facía escola de noite, na casa del. Ibas alí e botabas dúas ou tres horas a estudar algo ¿non? a non olvidar o que aprendías. Eu desde os 14 anos deixei a escola.

P: Deixou ós 14 ¿aij entón anduvo ¿e a que anos entrou?

R: Ós 13.

P: Non.

R: Ós 12.

P: Ós 11, se botou tres anos entrou sobre os 11 anos.

R: (?) E xa fun directo para o mar.

P: Xa foi directo para o mar.

R: Hasta os 17.

P: ¿Seu pai que tiña un barco xa?

R: Os abuelos...todos (?). Meu abuelo tiña aparellos de toda clase, non sendo arrastre deses dos barcos, dese pequeneiro (?), o resto a man, que lanzaban e arrastraban... dende aquí de esta... (?) hasta...hasta todo. Ós 17 xa mandaba a lancha do meu avó.

P: ¿Que era unha trainera desas?

R: Unha trainera desas.

P: Si xa estuvo de patrón.

R: Si ós 17.

P: E a partir de aí xa non deixou máis. Estuvo de patrón sempre.

R: Ós 19 xa me casei, fun casado ó servicio.

P: ¿E no servicio canto tempo botou?

R: Dous anos.

P: Dous anos.

R: Eran tres, pero como.... chamáronme a última hora, que crin que non me chamaban, e botei dous anos e dous meses.

P: Claro inda aproveitou o tempo.

R: Estaba no servicio...

P: ¿Donde fixo o servicio?

R: Aí na Base⁷.

P: Aquí.

R: Na Base. Cando fun po servicio levei dous, levei a Pepe e máis a Claudio, e cando vin do servicio topei tres.

P: ¿Tres fillos? Apurouse si.

R: Porque viña case todos os días a casa. ¿Home non?. Ó non estar de guardia, pois sempre me daban permiso para ir todos os días a casa (?).

P: E cando viña faenaba, tamén se dedicaba a faenar. E mire, ¿na escola cantos libros tiña, acordase? Cando iba á escola.

R: Na escola... (?) tiña o silabario, a cartilla, a libreta...

P: ¿E tiña así moitos recreos?

R: ¿Recreos?. Porque saíamos media hora así para mexar.

P: E nos recreos xogaba a todo ¿non?

R: Xogábase así a todo... Á pelota, tiñamos unhas pelotas de trapo.

P: De trapo. Daquela non as había de goma, había que facelas de trapo.

R: Eran de medias de mulleres, enchíanse de trapo e de papeles e todo, facíase unha pelota e xogábase.

P: E xogaba á pelota no recreo ¿E iba cedo?

R: Cedo non.

P: Decía que madrugaba ás oito da mañán para ir á escola.

R: Si, ás nove xa empezaba a escola.

P: Ás nove xa empezaba, hasta as doce.

R: Hasta ás doce, e despois hasta ás cinco.

P: E despois empezaba ás cinco hasta á noitiña.

R: Hasta a noitiña. E despois era así vello ¿non?. Collíate así polas orellas, [*que como non llos levaras ó maestro (?)*]⁸, cunha que lle...(?) maestro que, como ese Don Ricardo, que castigaba, ¿eh?

⁷ Base Naval de Ríos (Teis-Vigo), posteriormente Escuela de Transmisiones y Electricidad de la Armada (ETEA). Deixou de funcionar en 2002.

⁸ Este fragmento non se escoita no audio.